

Perenne devoción pola liberdade

Román Raña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RAÑA, ROMÁN (2012 [1991]). “Perenne devoción pola liberdade”. *Nordés*: 15-16 (III Data), 62. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1993>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RAÑA, ROMÁN (1991). “Perenne devoción pola liberdade”. *Nordés*: 15-16 (III Data), 62.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POÉTICA

PERENNE DEVOCIÓN POLA LIBERDADE

Penso que a poesía debe comunicar estados da alma ou ser un chafarís de imaxes que enxendren sentidos que nos reconcilien coas palabras. No fondo destas dúas direccións está a eternidade das paixóns do home, que é a materia central da literatura. Persoalmente descreo das novidades entendidas como calco de rupturas pretéritas tan perfectamente académicas como as cantigas do Medievo. Mais tamén das confesións non laboriosas, porque o primeiro deber do poeta é renovar con dor as entrañas da linguaxe. Isto implica que o escritor debe contemplar o cosmos e o devir da historia desde as entrañas da perplexidade e non desde as certezas inmutábeis. No meu caso amo as estruturas fechadas (sonetos, madrigais...) acaso porque a vida é sempre máis ancha e estraña que a nosa mirada sobre ela e para evitar, ao mesmo tempo, a dispersión e a distracción, dous males desta época. Debo agregar que o que caracteriza á poesía, desde as súas orixes até hoxe, é a súa perenne devoción pola liberdade. O poeta é a voz, quéirao ou non, da paixón, tanto desde as escuridades do mundo como desde os densos pesimismo da alma, desde os delirios da vida como desde as insalubres realidades do intelecto, desde a sede moral e a desesperación, desde a soidade ou o amor roto, desde os pecados perdurábeis ou desde a noite sutil dôs ollos, desde a cidade ou desde a cela, desde o terror confidencial polo paso do tempo. Porque o que o poeta di é sempre aquilo que se hospeda no gastado corazón do home e as palabras arrancadas a este chámanse poesía que é, tamén, unha experiencia ansiosa de perdurar.

NUNCA DIREI DESEXO

É inútil o nocturno viño, o apego
ás formas e ao que morre, son inúteis
os muros solitarios, o xemido
da espiña nos adentros, o prodixio
obscuro das adelfas ou as tardes
que embriagan con sois a flor submisas.
Falarei novamente de ti ou nunca
darei desexo, labios abismados,
illas de alcohol, setembro adolescente,
amor, delta de todos os silencios.

(*Extramuros da noite*, 1984)